

Orzamentos

2026

Vicerreitoría de Economía
e Planificación Estratéxica



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Estrutura do Orzamento de 2026

O orzamento para o exercicio 2026 da Universidade da Coruña desenvolve a Programación Plurianual e Orzamentaria 2025-26 aprobada polo Claustro o 3 de decembro de 2024, e acompáñase do Plano Operativo Anual que o vincula co Plan Estratéxico 2022-2026. A presente memoria contén os seguintes apartados:

- Liñas xerais do orzamento
 - Contexto financeiro do orzamento 2026
 - Cadro resumo do orzamentos
 - Análise dos ingresos
 - Análise dos gastos
 - Valoración global
- Cadro de contas: Detalle do orzamento por capítulos de ingreso e de gasto.

Se anexa a seguinte documentación:

- Normas de execución orzamentaria
- Anexo I: Previsión de persoal técnico de xestión administración e servizos (PTXAS)
- Anexo II: Previsión de persoal docente e investigador (PDI)
- Anexo III: Investimentos fondos centralizados
- Anexo IV: Investimentos fondos descentralizados
- Anexo V: Sociedades dependentes
- Anexo VI: Impacto de xénero
- Anexo VII: Impacto medioambiental
- Anexo VIII: Prezos das actividades.

Memoria

Liñas xerais do orzamento

CONTEXTO FINANCEIRO DO ORZAMENTO 2026

O orzamento da Universidade da Coruña para o exercicio 2026 desenvolve a Programación Plurianual e Orzamentaria 2025-26 que se aprobou o 3 de decembro de 2024 polo Claustro, actualizada no Claustro do 9 de decembro de 2025, no que se confirmaron as súas previsións fundamentais. Estes documentos están dispoñibles na web da UDC dentro do apartado da Vicerreitoría de Economía e Planificación Estratéxica:

https://www.udc.es/es/goberno/equipo_reitoral/vepes/planificacion_economica/documentos/orzamentos/

A programación aprobada polo Claustro prevía a persistencia da necesidade de recursos extraordinarios para o exercicio 2026, malia que por un importe inferior ao orzado en 2025, de xeito que se aspirase ao reequilibrio estrutural no bienio 2027-2028. Nesa liña, o orzamento 2026 confirma as estimacións previas, pois a necesidade de recursos extraordinarios redúcese dos 5,2 millóns de euros de 2025 a 3 millóns en 2026.

CADRO RESUMO DO ORZAMENTO

O orzamento da Universidade da Coruña para 2026 é de 184.281.292,95 €. A continuación faise unha comparación deste presuposto co do ano anterior:

INGRESOS	2025	Peso	2026	Peso
Capítulo III: Taxas, prezos públicos e outros ingresos	15.977.407,35	9,3%	13.734.867,02	7,5%
Capítulo IV: Transferencias correntes	109.220.589,38	63,4%	116.150.228,86	63,0%
Capítulo V: Ingresos patrimoniais	355.000,00	0,2%	395.000,00	0,2%
Capítulo VI: Alleamento de investimentos reais	5.000.000,00	2,9%	3.000.000,00	1,6%
Capítulo VII: Transferencias de capital	41.437.372,98	24,1%	51.001.196,07	27,7%
Capítulo VIII: Activos financeiros	180.000,00	0,1%	1,00	0,0%
TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS	172.170.369,71	100%	184.281.292,95	100%
GASTOS	2025	Peso	2026	Peso
Capítulo I: Gastos de persoal	117.743.113,95	68,4%	119.696.602,37	65,0%
Capítulo II: Gastos correntes en bens e servizos	19.196.561,41	11,1%	19.090.997,22	10,4%
Capítulo III: Gastos financeiros	120.000,00	0,1%	120.000,00	0,1%
Capítulo IV: Transferencias correntes	5.402.355,28	3,1%	6.332.602,82	3,4%
Capítulo V: Fondo de continxencia	580.000,00	0,3%	580.000,00	0,3%
Capítulo VI: Investimentos reais	29.097.151,07	16,9%	38.461.090,54	20,9%
Capítulo IX: Variación de pasivos financeiros	31.188,00	0,0%	0,00	0,0%
TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS	172.170.369,71	100%	184.281.292,95	100%

O incremento nominal do orzamento é de 12,1 millóns de euros, un 7%, sobre o do ano anterior. Segundo se desenvolve polo miúdo máis adiante, os ingresos ordinarios (fundamentalmente procedentes do plan de financiamento e de matrículas) medran un 3%. O resto do incremento explícase pola captación de recursos finalistas adicionais (destacando os 3,5 millóns de euros para a Cidade das TIC) e pola inclusión parcial no orzamento de convenios recorrentes de I+D+i e innovación docente (2,8 millóns de euros).

ANÁLISE DOS INGRESOS

INGRESOS DO PLAN DE FINANCIAMENTO DO SUG

Os ingresos previstos procedentes do Plan de Financiamento do SUG medran en 2026 un 2,9%, e representan o 68,2% do orzamento. A seguinte táboa recolle os distintos subconceptos nos que se divide, pertencentes aos capítulos 4 e 7 de ingreso, así como a súa evolución nos últimos anos:

ECONÓMICA	DENOMINACIÓN	2023	2024	2025	2026
1410.11.01	PGFU. FINANCIAMENTO ESTRUCTURAL. CUSTO ESTÁNDAR	75.212.364	77.584.659	80.775.143	82.674.327
1410.11.05	PGFU. SUBFONDO PANEL DE INDICADORES DE RESULTADOS. CAP. IV	6.891.018	7.222.194	7.265.146	7.878.507
1410.11.03	COMPLEMENTOS RETRIBUTIVOS E COMPENSACIÓN POR MATRÍCULA	7.539.815	7.778.673	8.347.243	9.014.279
1410.11.04	PGFU. SUBVENCIÓN CONSELLO SOCIAL	200.000	200.000	200.000	200.000
1410.11.01	PGFU. SECRETARIA XERAL DEPORTES TRANS.F. CC. D. E. F.	3.223.411	3.349.623	3.408.525	3.499.020
1410.11.01	PGFU. SERGAS: PRAZAS VINCULADAS	1.024.268	1.049.446	1.029.264	1.044.651
1410.11.02	PGFU. FINANCIAMENTO NON CONDICIONADO. GASTO CORRENTE	5.554.416	5.864.435	5.861.669	6.093.343
	SUBTOTAL CAPÍTULO 4	99.645.292	103.049.030	106.886.989	110.404.127
1710.01.01	PGFU. FINANC. NON CONCONDIONADO. GASTO MANTEMENTO INFRAESTRUTURA	2.195.610	2.318.157	2.317.064	2.408.643
1710.01.02	PGFU.SUBFONDO PANEL DE INDICADORES DE RESULTADOS. CAP. VII	7.189.049	7.534.548	7.579.359	8.219.246
1710.01.03	PGFU. PLAN DE ESTABILIDADE FINANCEIRA, EFICIENCIA E MELLORA ENERXÉTICA	4.961.250	5.099.710	5.259.232	4.586.095
	SUBTOTAL CAPÍTULO 7	14.345.909	14.952.415	15.155.655	15.213.984
	TOTAL PLAN DE FINANCIAMENO	113.991.201	118.001.445	122.042.644	125.618.111
	VARIACIÓN INTERANUAL		4.010.244	4.041.199	3.575.467

Os importes anteriores son os iniciais para cada ano, que se incrementan posteriormente como consecuencia da repercusión sobre as partidas das subas salariais aprobada polo Estado ao longo do ano. O incremento para 2026 inclúe a repercusión do 0,5% de incremento salarial xa aplicado este ano, pero non o dos incrementos adicionais anunciados. Eses incrementos adicionais serían un 2,5% aplicable retroactivamente dende principios deste ano e un 1,5% (2% se o IPC alcanza o 1,5%) para 2026.

En canto ás partidas, a maiores da súa actualización consonte aos parámetros establecidos (evolución da masa salarial, crecemento do PIB real e deflactor do PIB) cómpre informar dalgúns cambios relevantes:

- No relativo ao reparto da partida máis importante, a do Custo Estándar, por mor da evolución dos créditos matriculados a UDC incrementa a súa participación sobre o total do Sistema Universitario de Galicia nun 0,24%, o que representa unha suba de 0,69 M €.
- No Plan de Estabilidade, Eficiencia e Mellora, o incumprimento de un dos sete obxectivos establecidos, no caso da UDC o correspondente ao déficit, repercute negativamente en 0,76 M €.
- No Panel de Indicadores, a UDC incrementa o seu peso no reparto entre as tres universidades nun 1,03%, o que se traduce na asignación de 0,68 M € adicionais.

OUTROS INGRESOS ORDINARIOS

Ademais de nos capítulos 4 e 7 do Plan de Financiamento, os ingresos non finalistas ordinarios (os extraordinarios se analizarán posteriormente) supoñen tradicionalmente a práctica totalidade dos capítulos 3 e 5. No orzamento 2026 hai un cambio na contabilización dos ingresos de matrícula, pois ao pasar a bonificar a Xunta o 99% da matrícula que antes abonaban as familias, cómpre contabilizar esa parte (2,8 millóns de euros) no Capítulo 4 (Transferencias Correntes), cando antes toda a matrícula se recollía no Capítulo 3. En consecuencia, á hora de facer a comparativa interanual dos ingresos por capítulos, debería incrementarse en 2,8 millóns o Capítulo 3 e diminuírse a mesma contía no 4.

Se sumamos ao Capítulo 3 (Taxas, Prezos Públicos e outros Ingresos) a parte da matrícula que figura no Capítulo 4, o capítulo de taxas e outros supera os 16,5 millóns de euros, un 3,6% máis que no orzamento de 2025. En concreto, en liña coas previsións de recadación efectiva do ano en curso, as taxas académicas orzadas son de 12,6 millóns de euros, 0,6 millóns máis que no orzamento anterior. En canto ao resto dos ingresos do capítulo, en ausencia de información contraditoria e seguindo un criterio de prudencia, mantéñense en xeral os importes do orzamento 2025.

O capítulo 5, Ingresos patrimoniais, recolle fundamentalmente os xuros recibidos e os canons por concesión administrativas, por 0,4 millóns de euros.

INGRESOS EXTRAORDINARIOS:

Segundo se prevía na programación plurianual, o equilibrio orzamentario en 2026 volve a requirir o recurso a ingresos extraordinarios, se ben nunha cantidade significativamente menor que no ano 2025: pasa de 5,2 millóns de euros a 3 millóns. Estes ingresos compútanse no capítulo 6, Alleamento de investimentos reais, se ben poderían complementarse con ingresos no capítulo 8, Activos financeiros (alleamento de participacións en empresas) e coa derivación de recursos de convenios cara ao financiamento de gastos financiados con fondos propios.

INGRESOS FINALISTAS

No capítulo 4 de ingreso (Transferencias correntes) contabilízanse maioritariamente ingresos non finalistas, que financian gasto corrente non afectado. Ten un importe de 116,2 millóns de euros, 6,9 millóns máis que no ano 2025, aínda que 2,8 millóns corresponden á Compensación por Dereitos de Matrícula asumida pola Xunta de Galicia, que foi trasladada dende o Capítulo 3. O 95,1%, 110,4 millóns corresponden a partidas do plan de financiamento, nas que o crecemento anual é de 3,5 millóns de euros. Tamén cómpre salientar que o programa Erasmus supón 1,45 millóns, 0,5 millóns máis que en 2025, e que se manteñen as achegas do Santander para bolsas e axudas por 0,55 millóns.

As Transferencias de capital do capítulo 7 financian gastos de capital, que comprenden os de investimentos materiais e os de investigación. O total do capítulo é de 51 millóns de euros, dos que 15,2 millóns forman parte do plan de financiamento (que neste capítulo só sube un 0,4%,) o que deixa 35,8 millóns como transferencias finalistas para proxectos e convenios, unha cifra superior á do pasado ano en 9,5 millóns de euros. Deste aumento, 3,5 millóns destinados á rehabilitación dos edificios da UDC na Cidade das TIC constitúen a anualidade 2026 do convenio asinado co Concello da Coruña por un total de 11,3 millóns de euros. Tamén medran dun xeito importante, por uns 4 millóns, os convenios de I+D orzados, aínda que non todo representa gasto executado adicional: o Convenio Xunta I+D+i, que o ano pasado se orzaba, cun criterio de prudencia, por 2 millóns, e que finalmente se asinou por 2,6, ten una anualidade o próximo ano de 3,2 millóns de euros; e orzamos 2,8 millóns de euros na Adenda do Convenio Xunta I+D+i e no Convenio Innovación Educativa e Equipamento Científico, ante a expectativa confirmada de que, como este ano, se asinarán por un importe superior ao indicado. Estes últimos convenios víñanse xerando cando o compromiso estaba formalizado, e adiántase o seu recoñecemento ao documento do orzamento co fin de contribuír á execución máis planificada e eficiente destes fondos. O financiamento previsto do programa María Goyri para a contratación de profesorado axudante doutor pasa de 1,3 a 2,1 millóns de euros. Outras achegas destacadas que están en liña coas de 2025, son os 1,7 millóns de euros para o Campus Industrial de Ferrol, 1,4 millóns do Convenio de reforzo persoal de xestión da transferencia e innovación, 1 millón para os centros de investigación de excelencia e 0,64 millóns da anualidade do proxecto de internacionalización EMERGE.

No exercicio 2025 orzouse que os convenios de fomento de I+D+i e de infraestruturas universitarias podería contribuír ás contas xerais en 1,5 millóns de euros, os primeiros financiando gasto orzando e os segundos acadando cofinanciamento adicional doutras institucións. No orzamento 2026 recóllese ese cofinanciamento das infraestruturas por parte da Deputación da Coruña, estimado en 0,7 millóns de euros. En canto á contribución dos convenios de I+D ás contas xerais, redúcese a 0,3 millóns de euros, malia que non se renuncia a financiar outros gastos orzados, o cal reduciría a necesidade doutros recursos extraordinarios.

ANÁLISE DOS GASTOS

Os gastos de persoal sen financiamento afectado aumentan só un 1%, por baixo do 3% de crecemento dos ingresos ordinarios (Plan de Financiamento e capítulo de matrículas):

	2025	2026
Gastos de persoal non afectados	116.478.460 €	117.631.000 €
Gastos non afectados C2-9	26.959.165 €	26.217.981 €
Cofinanciamento de ingresos finalistas	117.426 €	1.569.640 €
Gastos non financiados	143.555.052 €	145.418.621 €

En relación á evolución dos conceptos recollidos no cadro anterior, que se analizará polo miúdo de seguido, cómpre salientar as seguintes cuestións xerais:

- O gasto de persoal non afectado se corresponde coa masa salarial autorizada pola Xunta de Galicia, que medra un exíguo 1%.
- No resto dos capítulos mantense a política de contención. A moderada redución do gasto non afectado (0,7 millóns) se corresponde coa redución dalgúns gastos puntuais afrontados no presente ano (nomeadamente, os atrasos de gastos de persoal investigador, que absorberon no orzamento 2025 case 1 millón de euros).
- Os cofinanciamentos concéntranse nos programas de investigación, representando 1,4 millóns de euros en 2026 fronte a 0,9 millóns en 2025. A variación global no orzamento é maior, pasa de 0,1 millóns a 1,6, porque o pasado ano compensábase co financiamento de gastos orzados con convenios de I+D+i.

CAPÍTULO 1: PERSOAL

O gasto orzado para o persoal de capítulo 1 é de 119,7 millóns de euros. Esta cantidade correspóndese coa masa salarial autorizada pola Xunta de Galicia, 117,6 millóns de euros, máis 2,1 millóns do custo estimado das prazas de profesorado axudante doutor financiadas polo programa María Goyri (1,3 millóns no orzamento 2025).

O incremento da masa salarial autorizado é do 1%, que inclúe o 0,5% de suba salarial aplicada en 2025, moi inferior ao de anos anteriores (en 2025 foi do 1,7% en 2023 chegou ao 5%). Este límite é extremadamente axustado, dado o crecemento vexetativo (antigüidade e méritos) das remuneracións, polo que o cumprimento do obxectivo imposto só será posible de acelerarse o proceso de renovación xeracional.

Cómpre aclarar que o incremento para 2026 inclúe a repercusión do 0,5% de incremento salarial xa aplicado, pero non os incrementos adicionais previstos para 2025 (2,5%) e 2026 (1,5% máis un posible 0,5% en función da inflación). Eses incrementos adicionais incrementarían tanto a masa salarial autorizada como o financiamento recibido da Xunta.

CAPÍTULO 2: GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS

O esforzo de contención sostido no gasto corrente en bens e servizos tradúcese nun importe orzado de 19,1 millóns de euros, lixeiramente inferior ao presupostado en 2025 (19,2 millóns).

Mantense o gasto, asumindo que poda supoñer algúns axustes no nivel de servizo, nas principais partidas, como son a de Limpeza e aseo (227.00, 2,8 millóns) e a de Seguridade e vixilancia (227.01, 1,8 millóns). No caso da outra partida máis cuantiosa, a de Enerxía eléctrica (221.00), está dotada con 2,4 millóns. Esta última contía é determinada polo consorcio no que participamos para a compra de enerxía, REDEXGA, con criterios de prudencia, polo que nos últimos anos vense liberando recursos ao longo do exercicio. Así, en 2025, por mor da evolución do prezo da enerxía e pola posta en funcionamento dos paneis fotovoltaicos, liberáronse 0,5 millóns de euros da previsión inicial de 2,6. A previsión do gasto en Combustibles (221.03), 1,2 millóns, tamén é similar á do exercicio que está a rematar. O mesmo sucede cos gastos relacionados coa informática, pois Canons (209) e Mantementos informáticos (227.08), conseguen manterse en 2,2 millóns de euros, e cos mantementos de instalacións e equipamentos (227.07), por 1,3 millóns.

O artigo 21 de reparacións recupera parte da rebaixa de 2025, pasando de 0,6 a 0,8 millóns, polo que segue a estar por baixo dos niveis de 2023.

No referente a dos créditos das facultades e escolas, a partir dun proceso participativo de reflexión, a Comisión de Asuntos Económicos revisou e simplificou os criterios de reparto. Os créditos dos centros para reparacións e mantementos medran un 3% e foron asignados en función da superficie. O resto dos créditos repártense en proporción ao alumnado ponderado polo nivel de experimentalidade, coa salvagarda de que o resultado estivese entre o 110% e o 150% do recibido en 2025, o cal tivo unha repercusión global de 0,2 millóns de euros. A distribución dos créditos entre partidas foi decidida pola dirección de cada centro segundo as súas necesidades. No Anexo IV se recollen as asignacións e os datos nos que se basean.

CAPÍTULO 4: TRANSFERENCIAS CORRENTES

As transferencias correntes, que se destinan principalmente a consorcios e a bolsas, suman 6,3 millóns de euros. O incremento fronte aos 5,4 millóns do orzamento anterior explícase polo aumento dos compromisos con consorcios (medran 0,2 millóns), e, sobre todo, pola suba de 0,5 millóns nas bolsas Erasmus.

As transferencias a consorcios e outros entes públicos (artigo 44) totalizan 2,2 millóns, dos que 0,9 millóns se destinan a revistas e bases de datos electrónicas e 0,5 millóns ao programa de xestión académica Sigma, do que se implantará o módulo de doutoramento.

As transferencias a Familias e Institucións sen Fins de Lucro medran de 3,2 a 3,9 millóns de euros, dos que 1,5 millóns corresponden a bolsas Erasmus. Mantense o esforzo nas bolsas propias de estudantes, cun crecemento do 3,5%, lixeiramente superior ao dos recursos ordinarios. Nas bolsas Santander o importe total mantense nos 0,55 millóns de euros, pero se flexibiliza a súa estrutura, permitindo incorporar programas como as bolsas de colaboración e as bolsas SICUE. Cómpre poñer en valor a creación dos Premios Mariña Dourada a traballos académicos sobre a temática do cambio climático, financiados cos recursos que se obterán da venda dun inmovible doado á UDC polo profesor Xosé Luís Armesto con tal finalidade.

CAPÍTULO 6: INVESTIMENTOS REAIS

O capítulo 6 recolle os investimentos en infraestruturas e equipamentos, nos artigos 62 e 63 do orzamento, e os gastos de investigación, no artigo 64 do presuposto. O total do capítulo é de 38,5, o que supón 9,4 millóns máis que en 2025, en lóxica correspondencia co sinalado ao respecto do capítulo 7 de ingresos.

Os investimentos de carácter material, artigos 62 e 63, alcanzan os 9,9 millóns de euros, fronte aos 4,3 millóns do ano 2025. Como xa se avanzou, 3,5 millóns son achegas do Concello da Coruña para a rehabilitación dos inmobles da UDC na Cidade das TIC. A Remesa 3 do Plan de Infraestruturas Universitarias recolle parte dos fondos para a construción do edificio de investigación EI3 en Ferrol, integramente financiado pola Xunta de Galicia, e se recollen 0,8 millóns para a execución da parte da Remesa 2 que se adiou en 2025. As partidas para a renovación de inmobles sen financiamento afectado pasan de 1 a 1,3 millóns de euros.

Os gastos de investigación (artigo 64) pasan de 24,8 a 28,6 millóns de euros. Segundo se comentou, 2,8 millóns se corresponden co recoñecemento de convenios de I+D+i recorrentes que non figuraban no orzamento anterior, o Convenio Xunta I+D+i medra en orzamento 1,2 millóns. No senso contrario, libéranse 0,9 millóns dedicados en 2025 ao pagamento de atrasos ao persoal investigador. Os gastos deste capítulo na súa maior parte teñen financiamento afectado, aínda que os cofinanciamentos representan un importe globalmente significativo: 1 millón de euros para os programas de recursos humanos e 0,5 millóns para os centros de investigación de excelencia, segundo a esixencia do contrato-programa coa Xunta de Galicia. Mantéñense as axudas aos grupos de investigación, en 0,6 millóns de euros.

OUTROS GASTOS

Os dous capítulos restantes representan, conxuntamente, menos do 0,4% do total do orzamento. O capítulo 3, Gastos financeiros (0,1 millóns) recolle a previsión de xuros pagados pola disposición da póliza de crédito, que se deixa totalmente amortizada ao remate de cada exercicio. O Fondo de continxencia (capítulo 5) mantense en 0,6 millóns, destinados a atender necesidades que carezan dunha axeitada dotación orzamentaria sempre que sexan imprevisibles, inaprazables e de carácter non discrecional. Por último, o capítulo 9 desaparece, pois o anticipo reembolsable liquidouse xa no ano 2025.

VALORACIÓN GLOBAL

O orzamento da Universidade da Coruña para o exercicio 2026 segue a senda prevista na Programación Plurianual e Orzamentaria aprobada polo Claustro para o bienio 2025-2026, avanzando cara ao reequilibrio estrutural entre ingresos e gastos.

O orzamento para 2026 é de 184.281.292,95 €. O incremento nominal é de 12,1 millóns de euros, un 7%, sobre o do ano anterior. Non obstante, os ingresos ordinarios (fundamentalmente procedentes do plan de financiamento e de matrículas) medran un 3%. O resto do incremento explícase pola captación de recursos finalistas adicionais (destacando os 3,5 millóns de euros para a Cidade das TIC) e pola inclusión no orzamento de convenios recorrentes de I+D+i e innovación docente que habitualmente se xeraban ao longo do exercicio, co fin de facilitar a planificación do gasto.

O incremento da masa salarial autorizado pola Xunta de Galicia, o 1% é extremadamente axustado, dado o crecemento vexetativo (antigüidade e méritos) das remuneracións, polo que o cumprimento do obxectivo imposto só será posible de acelerarse o proceso de renovación xeracional.

As transferencias a familias e institucións sen fins de lucro medran de 3,2 a 3,9 millóns, das que as bolsas Erasmus financiadas con fondos europeos supoñen 1,5 millóns. Os programas propios de estudantes medran na liña dos recursos ordinarios, mantense o apoio do Santander, e instáuranse, con vocación de continuidade, os Premios Mariña Dourada, financiados grazas a unha doación do profesor Xosé Luís Armesto.

En materia de infraestruturas, destacan as obras de rehabilitación dos edificios da UDC na Cidade das TIC por 3,5 millóns en 2026, financiados polo Concello da Coruña, e 2,8 millóns para o inicio da construción do edificio de investigación EI3 en Ferrol, financiado pola Xunta de Galicia.

Os investimentos en investigación alcanzan os 28,6 millóns. A maior parte teñen financiamento afectado, pero, aínda así, esixen un cofinanciamento de 1,4 millóns de euros.

Globalmente, a necesidade de recursos extraordinarios para equilibrar o orzamento redúcese significativamente en 2026, de 5,2 a 3 millóns de euros, que se deben obter do alleamento de activos e de recursos non finalistas de convenios. Se ben esta redución reforza a expectativa de acadar o reequilibrio estrutural no bienio 27-28, cómpre advertir que este proceso de axuste ven implicando unha contención do gasto dunha intensidade tal que a fai dificilmente sostible no tempo. O recurso a fontes de ingresos extraordinarias non se pode cronificar: a sustentabilidade financeira da institución require dunha mellora do financiamento, nomeadamente do financiamento estrutural.

CADRO DE CONTAS: DETALLE DO ORZAMENTO POR CAPÍTULOS DE INGRESO E DE GASTO

ORZAMENTO DE INGRESOS

<u>Subcto.</u>	<u>Denominación</u>	<u>Importe</u>
	CAPÍTULO III: TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	
	ARTIGO 31. PREZOS PÚBLICOS	9.792.131,35 €
1310.00	DEREITOS DE MATRÍCULA	9.792.131,35 €
	ARTIGO 32. OUTROS INGRESOS PROCEDENTES DE PRESTACIÓNS DE SERVIZOS	3.927.735,67 €
1329.00	ACTIVIDADE CULTURAIS, DEPORTIVAS E CAMPAMENTOS	190.000,00 €
1329.00.01	VDCD. ACTIVIDADES DEPORTIVAS	81.984,34 €
1329.00.03	VDCD. CAMPAMENTOS	54.450,00 €
1329.01	LOCAIS E ACTIVIDADES	200.000,00 €
1329.03	CUSTOS INDIRECTOS PROXECTOS INVESTIGACIÓN	997.378,03 €
1329.04	CUSTOS INDIRECTOS FUAC	27.175,98 €
1329.05	FACTURACIÓN SERVICIOS INVESTIGACIÓN	810.500,00 €
1329.11	CUSTOS INDIRECTOS CONTRATOS ART.60	312.382,01 €
1329.12	CUSTOS INDIRECTOS OO.AA. ADMON. ESTADO	955.704,83 €
1329.13	CUSTOS INDIRECTOS CONVENIOS	70.257,95 €
1329.16	CUSTOS INDIRECTOS CISUG	113.305,67 €
1329.20	CUSTOS INDIRECTOS CÁTEDRAS	10.140,74 €
1329.99	CUSTOS INDIRECTOS	104.456,12 €
	ARTIGO 33. VENDA DE BENS	15.000,00 €
1330.00	PUBLICACIÓNS PROPIAS	10.000,00 €
1331.00	VENDA ENERXÍA ELÉCTRICA	5.000,00 €
	TOTAL CAPÍTULO III	13.734.867,02 €
	CAPÍTULO IV: TRANSFERENCIAS CORRENTES	
	ARTIGO 40. DA ADMINISTRACIÓN DO ESTADO	1.581.000,00 €
1402.00	ORI. PROGRAMA ERASMUS KA131 23-26	1.150.000,00 €
1402.00	ORI. PROGRAMA ERASMUS KA171 22-27	305.000,00 €
1403.00	VTI. CONV. Mº DEFENSA. ESCUELA ANTONIO ESCAÑO. ACHEGA MINISTERIO	126.000,00 €
	ARTIGO 41. DE ORGANISMOS AUTÓNOMOS ADMINISTRATIVOS	113.701.978,86 €
1410.10	PREDOUTORAL-XUNTA 2024 - ESTADÍAS	26.000,00 €
1410.10	PREDOUTORAL-XUNTA 2025 - ESTADÍAS	38.000,00 €
1410.10	ESTADIAS POSDOUTORAIS 2023	6.000,00 €
1410.10	ESTADIAS POSDOUTORAIS 2024	120.776,19 €
1410.10	ESTADIAS POSDOUTORAIS 2025	195.000,00 €

1410.10	VEE. BOLSAS CAMPUS RURAL	75.000,00 €
1410.10	VD CD. CONVENIO S.X. DEPORTE - COMPETICIÓN DEPORTIVAS	20.000,00 €
1410.11.01	PGFU. FINANCIAMENTO ESTRUCTURAL. CUSTO ESTÁNDAR	82.674.326,61 €
1410.11.01	PGFU. SECRETARIA XERAL DEPORTES TRANSF.F. CC. D. E. F.	3.499.020,00 €
1410.11.01	PGFU. SERGAS: PRAZAS VINCULADAS	1.044.651,38 €
1410.11.02	PGFU. FINANCIAMENTO NON CONDICIONADO. GASTO CORRENTE	6.093.343,23 €
1410.11.03	COMPLEMENTOS RETRIBUTIVOS E COMPENSACIÓN POR MATRÍCULA	9.014.279,28 €
1410.11.04	PGFU. SUBVENCIÓN CONSELLO SOCIAL	200.000,00 €
1410.11.05	PGFU. SUBFONDO PANEL DE INDICADORES DE RESULTADOS. CAP. IV	7.878.506,65 €
1410.11.06	COMPENSACIÓN POR DEREITOS DE MATRÍCULA	2.817.075,52 €
	ARTIGO 46. DE CORPORACIÓN LOCAIS	225.250,00 €
1461.00	CONVENIO MARCO DEPUTACIÓN	225.250,00 €
	ARTIGO 47. DE EMPRESAS PRIVADAS	618.000,00 €
1470.08	CONVENIO SANTANDER	550.000,00 €
1470.08	ESPAGO COMPARTIDO. ACHEGA ONCE.	60.000,00 €
1470.08	VEE. BOLSAS ONCE-CRUE	8.000,00 €
	ARTIGO 48. DE FAMILIAS E INSTITUCIÓN SEN FINS DE LUCRO	24.000,00 €
1480.00	ORI. INTERNATIONAL SUMMER SCHOOL	24.000,00 €
	TOTAL CAPÍTULO IV	116.150.228,86 €
	CAPÍTULO V: INGRESOS PATRIMONIAIS	
	ARTIGO 52. XUROS DE DEPÓSITOS	35.000,00 €
1520.00	XUROS DE CONTAS BANCARIAS	35.000,00 €
	ARTIGO 55. PRODUTOS DE CONCESIÓN E APROVEITAMENTOS ESPECIAIS	350.000,00 €
1550.00	CONCESIÓN ADMINISTRATIVAS	350.000,00 €
	ARTIGO 55. PRODUTOS DE CONCESIÓN E APROVEITAMENTOS ESPECIAIS	10.000,00 €
1599.00	INGRESOS DO FONDO PATRIMONIAL PARA PREMIOS ACADÉMICOS	10.000,00 €
	TOTAL CAPÍTULO V	395.000,00 €
	CAPÍTULO VI: ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS	
	ARTIGO 61. ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS	3.000.000,00 €
1612.00	VENDA DE EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCCION	3.000.000,00 €
	TOTAL CAPÍTULO VI	3.000.000,00 €
	CAPÍTULO VII: TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	
	ARTIGO 70. DA ADMINISTRACIÓN DO ESTADO	10.483.278,41 €
1702.02	Axuda Instituto da Mulleres. Mº de Igualdade. Realización de investigacións feministas	62.997,97 €
1702.07	CONVENIO MARÍA GOYRI	2.065.602,35 €
1702.07	VID. CONVENIO DO PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO. XUNTA DE GALICIA	50.000,00 €
1702.09	AXUDAS MICIU ESTADÍAS PROF. MOD.A SENIOR CONV. 2024 (BDNS 795153)	27.853,00 €
1702.09	AXUDAS MICIU ESTADÍAS PROF. MOD.JUNIOR JOSE CASTILLEJO CONV. 2024 (BDNS 795153)	67.688,00 €

1702.09	BG/2022 BEATRIZ GALINDO CONTRATOS	165.000,00 €
1702.09	BG/2023 BEATRIZ GALINDO CONTRATOS	100.000,00 €
1702.09	BG/2024 - BEATRIZ GALINDO CONTRATOS	235.000,00 €
1702.09	CONVENIO INCIBE	100.983,80 €
1702.09	CÁTEDRA ENIA	255.000,00 €
1703.01	PREDOUTORAL FPI 2021	110.624,85 €
1703.01	PREDOUTORAL FPI 2022	205.331,00 €
1703.01	PREDOUTORAL FPI UDC 2023	175.998,00 €
1703.01	PREDOUTORAL FPI UDC 2024	309.900,00 €
1703.01	PREDOUTORAL FPI UDC 2025	266.000,00 €
1703.01	PREDOUTORAL FPU 2021	355.656,12 €
1703.01	PREDOUTORAL FPU 2022	276.077,97 €
1703.01	PREDOUTORAL FPU 2024	280.542,24 €
1703.01	PREDOUTORAL FPU 2023	301.404,00 €
1703.01	JDC2022-004667-C JUAN DE LA CIERVA CONTRATOS	1.666,66 €
1703.01	JDC2023-004885-C - JUAN DE LA CIERVA CONTRATOS	32.300,00 €
1703.01	JDC2023-004885-C - JUAN DE LA CIERVA CONTRATOS	5.000,00 €
1703.01	JDC2024-005181-C - JUAN DE LA CIERVA CONTRATOS	138.400,00 €
1703.01	PCI2025-163180 (COLAB.INTERNACIONAL)	79.000,00 €
1703.01	PID 2022	161.950,50 €
1703.01	PID 2023	203.317,00 €
1703.01	PID 2024	2.710.884,95 €
1703.01	PERSOAL TÉCNICO DE APOIO 2022	29.200,00 €
1703.01	PERSOAL TÉCNICO DE APOIO 2023	31.800,00 €
1703.01	PERSOAL TÉCNICO DE APOIO 2024	18.700,00 €
1703.01	RED2024-154401-T- REDE INV. 2024	18.500,00 €
1703.01	RAMÓN Y CAJAL. Conv. 2019	27.000,00 €
1703.01	RAMÓN Y CAJAL. Conv. 2020	266.700,00 €
1703.01	RAMÓN Y CAJAL. Conv. 2021	367.500,00 €
1703.01	RAMÓN Y CAJAL. Conv. 2022	414.500,00 €
1703.01	RAMÓN Y CAJAL. Conv. 2023	451.800,00 €
1703.01	RAMÓN Y CAJAL. Conv. 2024	113.400,00 €
	ARTIGO 71. DA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA	33.748.227,21 €
1710.10	Axuda centro interuniversitario ECOBAS (FCA)	22.068,84 €
1710.10	ACORDO ASOC. "Novas ferramentas alga invasora -convenio entre a USC e C Mar.	19.882,00 €
1710.10	Agra: un barrio de coidados. Fortalecidas capacidades para a defensa do De-reito ao Hábitat, fase 3 (AGRA fase 3)	1.800,00 €
1710.10	CONVENIO COFUND 23 - 26	135.380,00 €
1710.10	CONVENIO COMUNICACION CUANTÍCA FCA	8.386,31 €
1710.10	Convenio C Educ, Ciencia, Univ e F.P-ERC - (Convenio Gañadores ERC)	65.000,00 €
1710.10	Convenio C Educ, Ciencia, Univ e F.P-ERC - (Convenio Gañadores ERC Pro-grama Starting Grant 24-28 (PARACRYST))	65.000,00 €
1710.10	Convenio C Mar-UDC P estudio-manexo especies microalgas. AL-GAPROX	24.200,00 €
1710.10	Convenio GAIN-UNIV SUG PERSOAL BENEFICIARIO DUNHA AXUDA DO ERC NO MARCO DO H2020	5.000,00 €

1710.10	CONVENIO GAIN FINALISTAS ERC	38.666,67 €
1710.10	CONVENIO POLICHAETA I	26.737,52 €
1710.10	Convenio reforzo persoal, xestión da transferencia e innovación 2023-2026	1.428.288,72 €
1710.10	Decolonizando os programas de achegamento á cooperación internacional (DECO-UNI)	13.950,00 €
1710.10	Mulleres á fronte (MAF)	17.500,00 €
1710.10	Tecnoloxía ao servizo do ben común, da cidadanía global e da inclusión dende as escolas técnicas da universidade galega (ARTIGO 9)	7.360,00 €
1710.10	Xeración de coñecemento sobre a contaminación por metais pesados na auga subterránea do sur de Honduras (CADMIO)	4.368,42 €
1710.01.01	PGFU. FINANCIAMENTO NON CONCIDIONADO. GASTO MANTEMENTO INFRA-ESTRUTURA	2.408.642,77 €
1710.01.02	PGFU.SUBFONDO PANEL DE INDICADORES DE RESULTADOS. CAP. VII	8.219.246,28 €
1710.01.03	PGFU. PLAN DE ESTABILIDADE FINANCEIRA, EFICIENCIA E MELLORA ENERXÉTICA	4.586.095,14 €
1710.08	ADENDA CONVENIO I+D+i	154.679,84 €
1710.08	CONVENIO INNOVACIÓN EDUCATIVA E EQUIPAMENTO CIENTÍFICO - SIC	156.666,66 €
1710.08	CONVENIO INNOVACIÓN EDUCATIVA E EQUIPAMENTO CIENTÍFICO - VIT	1.599.999,97 €
1710.08	CONVENIO XUNTA I+D+i	3.122.207,19 €
1710.08	VCFRS. CONVENIO CAMPUS INDUSTRIAL FERROL. ANUALIDADE 2026	1.727.250,00 €
1710.08	VCFRS. CONVENIO INNOVACIÓN EDUCATIVA E EQUIPAMENTO CIENTÍFICO	77.777,77 €
1710.08	VIS. CONVENIO INNOVACIÓN EDUCATIVA E EQUIPAMENTO CIENTÍFICO	188.888,88 €
1710.08	VTI. CONVENIO INNOVACIÓN EDUCATIVA E EQUIPAMENTO CIENTÍFICO - VTI	466.666,66 €
1710.09	ADENDA CONVENIO XUNTA I+D+i - SIC	157.777,77 €
1710.10	CIDMEFEO	169.226,19 €
1710.10	CPP 2024	36.981,42 €
1710.10	AXUDAS CONSOLIDACIÓN ESTRUTURAS DE UNIDADES DE INVESTIGACIÓN COMPETITIVAS_2024	274.147,26 €
1710.10	AXUDAS CONSOLIDACIÓN ESTRUTURAS DE UNIDADES DE INVESTIGACIÓN COMPETITIVAS_2025	276.859,52 €
1710.10	Doctorados industriais	16.666,66 €
1710.10	ED431C GRUPOS REFERENCIA COMPETITIVA (GRC) 2023	202.896,40 €
1710.10	ED431C GRUPOS REFERENCIA COMPETITIVA (GRC) 2024	457.522,75 €
1710.10	ED431C GRUPOS REFERENCIA COMPETITIVA (GRC) 2025	639.568,34 €
1710.10	PI TRAYECTORIA EXCELENTE 2022	71.487,68 €
1710.10	PI TRAYECTORIA EXCELENTE 2023	103.305,80 €
1710.10	PI TRAYECTORIA EXCELENTE 2024	159.841,06 €
1710.10	PI TRAYECTORIA EXCELENTE 2025	206.611,60 €
1710.10	AXUDA CENTROS DE EXCELENCIA ED431G 2023/01 (CITIC)	546.774,07 €
1710.10	AXUDA CENTROS DE EXCELENCIA ED431G 2023/09 (CICA)	441.239,34 €
1710.10	AXUDA CENTROS DE EXCELENCIA ED431G 2023/10 (CITEEC)	176.680,17 €
1710.10	PREDOUTORAL-XUNTA 2022	150.000,00 €
1710.10	PREDOUTORAL-XUNTA 2023	475.000,00 €
1710.10	PREDOUTORAL-XUNTA 2024	181.480,00 €
1710.10	PREDOUTORAL-XUNTA 2025	326.000,00 €
1710.10	POSDOUTORAL XUNTA 2023-Formación	122.713,40 €

1710.10	POSDOUTORAL XUNTA 2024-Formación	342.314,72 €
1710.10	POSDOUTORAL XUNTA 2025-Formación	277.400,00 €
1710.10	POSDOUTORAL XUNTA 2024 CONTINUACION	117.000,00 €
1710.10	ED481D 2024 POSTDOUTORAL	24.999,99 €
1710.10	POSDOUTORAL XUNTA 2025 CONTINUACION	149.850,00 €
1710.10	ED481D 2025 POSTDOUTORAL	24.999,99 €
1710.10	FEADER 2024/027B - BEBIDAS REFRESCANTES VEGETALES A BASE DE LÚPULO Y ESPECIES AROMÁTICAS	6.540,11 €
1710.10	SI455A-2025 PREDOUTORAL XUNTA INVESTIGA CONTRATOS	66.800,00 €
1710.10	SI455A-2025 PREDOUTORAL XUNTA INVESTIGA ESTADÍAS	10.000,00 €
1710.10	VCFRS. CONVENIO CASTRO DE ESEMELLE. ACHEGA XUNTA	25.000,00 €
1710.10	VCFRS. CONVENIO UNIVERSIDADES ACOMPAÑAMENTO PSICOLÓXICO	20.000,00 €
1710.10	VID. ACTUACIÓNS EN MATERIA DE NORMALIZACION LINGÜÍSTICA. CONVENIO XUNTA DE GALICIA	23.500,00 €
1710.10	VID. CONVENIO PLAN CORRESPONSABLES. XUNTA DE GALICIA	20.000,00 €
1710.10	VIS. CONVENIO DE INFRAESTRUTURAS UNIVERSITARIAS. REMESA 3	2.810.000,00 €
1710.10	VTI. CONVENIO DEMOCRATIZACIÓN DO COÑECEMENTO	13.333,33 €
1710.10	VTI. CONVENIO XUNTA UNIVERSIDADE SENIOR	32.000,00 €
	ARTIGO 76. DE CORPORACIÓNS LOCAIS	4.495.084,44 €
1760.00	CONVENIO CONCELLO UDC CIDADE DAS TIC	3.500.000,00 €
1760.00	CONVENIO MARCO CONCELLO DA CORUÑA	200.000,00 €
1760.00	VCFRS. CÁTEDRA DE ARQUEOLOXÍA	22.320,00 €
1760.00	VCFRS. CONVENIO CASTRO DE ESEMELLE. ACHEGA CONCELLO DE FERROL	22.320,00 €
1760.00	VCFRS. CONVENIO MODA CONCELLO DE FERROL	6.000,00 €
1760.00	VIS. COFINANCIAMENTO P.I.U. DEPUTACIÓN	444.444,44 €
1760.00	VIS. CONVENIO DEPUTACIÓN XOANNA CAPDEVIELLE	300.000,00 €
	ARTIGO 77. DE EMPRESAS PRIVADAS	518.250,00 €
1770.00	AXUDAS ESTUDANTES ESTADIAS INTERNACIONAIS. EIDUDC. UDC-INDITEX	130.000,00 €
1770.00	CONVENIO INTALENT	300.000,00 €
1770.00	VCFRS. CÁTEDRA COSME ÁLVAREZ DE LOS RÍOS NAVANTIA-UDC	38.250,00 €
1770.08	OFICINA DE SUSTENTABILIDADE. CONVENIO ALCOA	50.000,00 €
	ARTIGO 78. DE FAMILIAS E INSTITUCIÓNS SEN FIN DE LUCRO	18.600,00 €
1780.09	VCFRS. CÁTEDRA DIOCESE MONDOÑEDO-FERROL	18.600,00 €
	ARTIGO 79. DO EXTERIOR	1.737.756,01 €
1790.02	ORI. ALIANZA EUROPEA EMERGE	643.863,60 €
1790.02	Proxectos INTERREG	318.439,54 €
1790.04	Doutras transferencias da Unión Europea	775.452,87 €
	TOTAL CAPÍTULO VII	51.001.196,07 €
	CAPÍTULO VIII: ACTIVOS FINANCIEROS	
	ARTIGO 86. ALLEAMENTO DE ACCIÓNS E PARTICIPACIÓNS	1,00 €
1861.00	ALLEAMENTO DE ACCIÓNS E PARTICIPACIÓNS DE EMPRESAS	1,00 €
	TOTAL CAPÍTULO VIII	1,00 €
	TOTAL XERAL INGRESOS	184.281.292,95 €

ORZAMENTO DE GASTOS

Orgánica	Funcio- nal	Subcto.	Denominación	Importe
			CAPÍTULO I: GASTOS DE PERSOAL	
			ARTIGO 10. ALTOS CARGOS	181.079,31 €
100A	121A	101.01	REITOR	21.147,86 €
100A	121A	101.02	VICERREITORES E SECRETARIA XERAL	76.482,92 €
100A	121A	102.01	ADMINISTRACION XERAL. .XERENCIA	83.448,53 €
100A	121A	110.00	EVENTUAIS DE GABINETE	94.051,08 €
100A	121A	110.00	EVENTUAIS DE GABINETE	90.423,18 €
100A	121A	110.02	PAGAS EXTRAS. EVENTUAIS DE GABINETE	3.627,90 €
			ARTIGO 12. FUNCIONARIOS	75.212.434,40 €
100A	121A	120.10	SOLDO PAS	9.615.818,29 €
100A	121A	120.11	TRIENIOS PAS	2.808.704,93 €
100A	121A	120.12	EXTRAS PAS	3.518.853,50 €
100A	121A	120.20	SOLDO DOCENTES	11.476.310,41 €
100A	121A	120.21	TRIENIOS DOCENTES	3.887.614,76 €
100A	121A	120.22	EXTRAS DOCENTES	3.998.055,56 €
100A	121A	120.30	SOLDO DOCENTES INTERINOS	54.540,94 €
100A	121A	120.31	EXTRAS DOCENTES INTERINOS	15.812,34 €
100A	121A	120.32	TRIENIOS FUNC. DOCENTES INTERINOS	18.071,67 €
100A	121A	121.09	COMPLEMENTO IT PAS FUNCIONARIO	223.284,83 €
100A	121A	121.10	COMPLEMENTO DESTINO PAS	4.723.281,83 €
100A	121A	121.11	COMPLEMENTO ESPECIFICO PAS	6.157.386,01 €
100A	121A	121.14	I.P.C. GALEGO PAS	78.153,00 €
100A	121A	121.15	COMPLEMENTO CARGO. PAS	25.728,88 €
100A	121A	121.19	COMPLEMENTO PERSOAL FUNCIONARIZACIÓN	149.577,07 €
100A	121A	121.20	COMPLEMENTO DESTINO DOCENTES	8.435.507,82 €
100A	121A	121.21	COMPLEMENTO ESPECIFICO DOCENTES	5.783.513,36 €
100A	121A	121.22	MERITOS DOCENTES PDI	5.828.494,49 €
100A	121A	121.23	MÉRITOS INVESTIGACIÓN. PDI	3.376.797,83 €
100A	121A	121.24	CARGOS ACADEMICOS DOCENTES	769.426,73 €
100A	121A	121.27	COMPLEMENTO IT PDI FUNCIONARIO	4.771,98 €
100A	121A	121.28	I.P.C. GALEGO DOCENTES	150.686,15 €
100A	121A	121.29	SEXENIOS ENSINO SECUNDARIO	13.055,80 €
100A	121A	121.30	COMPLEMENTO DESTINO DOC.INTERINOS	31.425,78 €
100A	121A	121.31	COMPLEMENTO ESPECIFICO DOC.INTERINOS	16.720,83 €
100A	121A	121.33	MERITOS DOCENTES FUNCIONARIOS DOC. INTERINOS	25.336,18 €
100A	121A	121.34	IPC GALEGO FUNC.DOCENTES INTERINOS	517,99 €
100A	121A	121.35	COMPLEMENTO AUTONOMICO LABOR DOCENTE	750.443,64 €
100A	121A	121.36	COMPLEMENTO AUTONOMICO LABOR INVESTIGADORA	637.795,73 €
100A	121A	121.37	COMPLEMENTO AUTONOMICO EXCELENCIA. XERENCIA, SERV. CEN- TRAIS	1.702.736,66 €

100A	121A	121.38	COMPLEMENTO AUTONOMICO Á XESTIÓN. XERENCIA SERVIC. CEN- TRAIS	327.204,22 €
100A	121A	121.42	PAZAS VINCULADAS.CONV.SERGAS	601.507,02 €
100A	121A	121.50	COMPLEMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL UE	5.298,17 €
			ARTIGO 13. PERSOAL LABORAL	878.903,10 €
100A	121A	130.00	SOLDO LABORAIS FIXOS	320.962,26 €
100A	121A	130.01	TRIENIOS LABORAIS FIXOS	35.189,40 €
100A	121A	130.02	EXTRAS LABORAIS FIXOS	110.422,90 €
100A	121A	130.04	COMPLEMENTO PERSOAL APOIO	12.178,70 €
100A	121A	130.05	COMPLMENTO IT PAS LABORAL FIXO	2.162,48 €
100A	121A	130.07	PAGA LINEAL CONV.NON CONSOLIDABLE.PAS LABORAL FIXO	9.109,74 €
100A	121A	130.10	COMPLEMENTO PERMANENCIA	3.466,14 €
100A	121A	130.15	COMPLEMENTO DE POSTO	67.910,89 €
100A	121A	131.00	SOLDO LABORAIS TEMPORAIS PAS	199.135,25 €
100A	121A	131.01	COMPLEMENTO LABORAIS TEMPORAIS	23.312,18 €
100A	121A	131.03	TIRENIOS. ANTIGU.PAS LABORAL EVENTUAL. XERENCIA	14.882,37 €
100A	121A	131.04	COMPLMENTO IT PAS LABORAL EVENTUAL	455,62 €
100A	121A	131.05	INDEMNIZATIONS RESCISIONS CONTRATOS	36.620,47 €
100A	121A	131.06	PAGAS EXTRAS PERS.LABORAL TEMPORAL.	41.894,70 €
100A	121A	131.07	PAGA LINEAL CONV. NON CONSOLIDABLE.PAS LABORAL EVENTUAL	1.200,00 €
			ARTIGO 14. PDI CONTRATADO	24.252.997,16 €
100A	121A	141.00	SOLDO PDI CONTRATADO	9.099.050,43 €
100A	121A	141.01	PAGAS EXTRAS. PDI CONTRATADO	2.633.953,21 €
100A	121A	141.02	COMPLEMENTO IT PDI LABORAL	121.787,31 €
100A	121A	141.11	COMPLEMENTO DESTINO PDI CONTRATADO	6.451.500,94 €
100A	121A	141.12	COMPLEMENTO ESPECIFICO PDI CONTRATADO	1.751.573,47 €
100A	121A	141.13	COMPLEMENTO ACADEMICO PDI CONTRATADO	364.054,90 €
100A	121A	141.14	TRIENIOS DOCENT. CONTRAT.	1.214.551,84 €
100A	121A	141.15	COMPLEM.AUTONOMICO LABOR DOC. P.D. CONTRATADO	170.896,87 €
100A	121A	141.16	COMPLEM.AUTONOMICO LABOR INVESTIGADORA P.D. CONTRA- TADO	151.680,97 €
100A	121A	141.18	MÉRITOS DOCENT.CONTR.LABOR.DOC.FIXOS	1.545.738,84 €
100A	121A	141.19	MÉRITOS INVEST.CONTR.LABORAL DOC. FIXOS	508.990,35 €
100A	121A	141.20	COMPLEM.AUTONOM. Á EXCELENCIA CURRICULAR	207.003,70 €
100A	121A	141.21	COMPLEMENTO AUTONOM.POR CARGOS DE XESTIÓN	25.543,86 €
100A	121A	141.22	SEXENIOS DE ENSINANZA SECUNDARIA.	4.769,48 €
100A	121A	141.50	COMPLEMENTOS RETRIBUTIVOS	1.900,99 €
			ARTIGO 15. INCENTIVOS AO RENDEMENTO	1.130.731,34 €
100A	121A	150.00	PRODUCTIVIDADE PAS FUNCIONARIO	1.071.490,74 €
100A	121A	150.01	PRODUCTIVIDADE XERENCIA	3.222,14 €
100A	121A	151.00	GRATIFICACIONS PAS FUNCIONARIO	559,28 €
100A	121A	151.02	GRATIFICACIONS. PERSOAL DOCENTE	55.459,18 €
			ARTIGO 16. COTAS, PRESTACIÓNS E GASTOS SOCIAIS	17.946.405,98 €
100A	121A	160.00	SEGURIDADE SOCIAL PAS FUNCIONARIO	6.804.736,74 €
100A	121A	160.05	SEGURID.SOCIAL PAS LABORAL FIXO.	178.182,48 €
100A	121A	160.10	SEGURIDADE SOCIAL PAS LABORAL TEMPORAL	33.416,79 €
100A	121A	160.30	SEGURIDADE SOCIAL PDI CONTRATADO	7.466.833,61 €

100A	121A	160.40	SEGURIDADE SOCIAL PERSOAL DOC.INTERINO	50.282,67 €
100A	121A	160.50	SEGUR.SOCIAL PDI,FUNC CON PRAZAS VINCULADAS	99.679,30 €
100A	121A	160.60	SEGURIDADE SOCIAL DOCENTE FAC.CC.DEPORTE E EDUC.FÍSICA	168.026,33 €
100A	121A	160.70	SEGURIDADE SOCIAL PDI FUNC. DE NOVO INGRESO	2.474.332,13 €
100A	121A	162.00	FORMACION E PERFECCIONAMENTO DO PAS	50.334,78 €
100A	121A	162.14	ACCIÓN SOCIAL UDC	620.581,15 €
			TOTAL CAPÍTULO I	119.696.602,37 €
			CAPÍTULO II: GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS	
			ARTIGO 20. ALUGUERES	904.548,370 €
09.0A	422D	200.00	VCFRS. ARRENDAMENTOS	45.777,64 €
10.0A	121A	202.00	XERENCIA. ARRENDAMENTO EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓN	4.600,00 €
10.0A	121A	204.00	XERENCIA. ARRENDAMENTO DE ELEMENTOS DE TRANSPORTE	3.000,00 €
10.18	121A	209.00	SIC. CANONS E LICENCIAS	709.785,73 €
630A	300C	209.01	ETSA - LICENCIAS SOFTWARE	4.250,00 €
01.06	121A	209.01	SECRETARIA XERAL. SEGURIDADE DA INFORMACIÓN. LICENZAS-SOFTWARE	90.750,00 €
17.0A	121A	209.01	VDCD. LICENCIAS SOFTWARE	10.000,00 €
03.0A	121A	209.01	VEE. LICENZAS-SOFTWARE	2.135,00 €
620A	121A	209.01	FAC. CC. DEPORTE E EDUC. FÍSICA - LICENCIAS DE SOFTWARE	2.000,00 €
640A	300C	209.01	ETS NAÚTICA E MÁQUINAS - LICENCIAS SOFTWARE	800,00 €
670A	300C	209.01	EUAT - LICENZAS SOFTWARE	1.500,00 €
710A	300C	209.01	FAC. HUMANIDADES E DOCUMENTACIÓN - LICENCIAS DE SOTFWARE	2.100,00 €
700A	122B	209.02	FEE. ACCESO A SITIOS WEB E USO PRODUCTOS DIXITAIS	350,00 €
740A	300C	209.01	EPEF - LICENCIAS DE SOFTWARE	5.900,00 €
10.18	121A	209.02	SIC. ACCESO A SISTIOS WEB	20.000,00 €
700A	300C	209.16	FEE. DESENVOLVEMENTO E ALOXAMENTO WEB	1.600,00 €
			ARTIGO 21. REPARACIÓNS E CONSERVACIÓNS	838.056,580 €
09.0A	121A	212.00	VCFRS. EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓN	86.945,80 €
02.01	121A	212.00	SAUE. EQUIPAMENTOS. MANTEMENTOS	295.187,99 €
02.01	541A	212.00	SAUE. MANTEMENTOS. INVESTIGACIÓN	65.540,60 €
200A	300C	212.00	FAC. DEREITO - REPARACIÓNS	16.049,40 €
300A	300C	212.00	FAC. FILOLOXÍA - REPARACIÓNS	10.866,92 €
400A	300C	212.00	FAC. INFORMÁTICA - REPARACIÓNS	15.373,84 €
500A	300C	212.00	FAC. SOCIOLOXÍA - REPARACIÓNS	8.372,21 €
610A	300C	212.00	FAC. CIENCIAS - REPARACIÓNS	11.907,19 €
620A	300C	212.00	FAC. CC. DEPORTE E EDUC. FÍSICA - REPARACIÓNS	22.975,35 €
630A	300C	212.00	ETSA - REPARACIÓNS	11.159,82 €
640A	300C	212.00	ETS NAÚTICA E MÁQUINAS - REPARACIÓNS	8.241,50 €
650A	300C	212.00	FAC. CC. SAÚDE - REPARACIÓNS	2.656,26 €
660A	300C	212.00	ETS CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS - REPARACIÓNS	10.006,45 €
670A	300C	212.00	EUAT - REPARACIÓNS	8.431,30 €
680A	300C	212.00	FAC. FISIOTERAPIA - REPARACIÓNS	5.235,09 €
690A	300C	212.00	FAC. CC. EDUCACIÓN - REPARACIÓNS	16.198,96 €
700A	300C	212.00	FEE. REPARACIÓNS	17.842,63 €
710A	300C	212.00	FAC. HUMANIDADES E DOCUMENTACIÓN - REPARACIÓNS	3.365,79 €

740A	300C	212.00	EPEF - REPARACIÓNS	11.280,59 €
750A	300C	212.00	FAC. ENFERMERÍA E PODOLOXÍA - REPARACIÓNS	2.947,62 €
760A	300C	212.00	FAC. CC. TRABALLO - REPARACIÓNS	2.871,27 €
780A	300C	212.00	EUDI - REPARACIÓNS	2.100,00 €
05.04	541A	213.00	SAI. REPARACIÓNS, MANTEMENTOS E CONSERVACIÓN	78.000,00 €
05.C1	541A	213.00	CITEEC. MAQUINARIA, INSTALACCIÓNS E UTILLAXE	8.000,00 €
05.C2	541A	213.00	CITENI. MAQUINARIA, INSTALACCIÓNS E UTILLAXE	8.000,00 €
05.C3	541A	213.00	CITIC. MAQUINARIA, INSTALACCIÓNS E UTILLAXE	8.000,00 €
05.C4	541A	213.00	CICA. MAQUINARIA, INSTALACCIÓNS E UTILLAXE	8.000,00 €
17.08	121A	213.00	VDCD. REPARACIÓNS DE EQUIPOS	3.500,00 €
05.C3	541A	213.01	CITIC. MAQUINARIA, INSTALACCIÓNS E UTILLAXE - CPD	49.000,00 €
10.0A	121A	214.00	REPARACIÓN DE ELEMENTOS DE TRANSPORTE	35.000,00 €
640A	121A	214.00	ETS NAÚTICA E MÁQUINAS - REPARACIÓNS	5.000,00 €
			ARTIGO 22. MATERIAL, SUMINISTROS E OUTROS	16.974.444,570 €
03.04	422D	220.00	VEE. CONSELLO DE ESTUDANTES	6.000,00 €
03.0A	422D	220.00	VEE. XESTIÓN EXPEDIENTES	3.500,00 €
05.02	122B	220.00	SERVIZO DE BIBLIOTECA. MATERIAL DE OFICINA DE USO ORDINARIO NON INVENTARIABLE	5.600,00 €
09.0A	121A	220.00	MATERIAL, SUBMINISTRACIÓNS E OUTROS	64.304,90 €
09.0A	122B	220.00	VCFRS. BIBLIOTECA PATÍN. MATERIAL DE OFICINA DE USO ORDINARIO NON INVENTARIABLE	1.717,80 €
10.0A	121A	220.00	XERENCIA. MATERIAL DE OFICINA DE USO ORDINARIO NON INVENTARIABLE	19.000,00 €
11.0A	111A	220.00	CONSELLO SOCIAL. MATERIAL DE OFICINA DE USO ORDINARIO NON INVENTARIABLE	1.500,00 €
18.0A	121A	220.00	VID. MATERIAL DE OFICINA DE USO ORDINARIO NON INVENTARIABLE	0,00 €
200A	122B	220.00	FAC. DEREITO - MATERIAL OFICINA	800,00 €
300A	122B	220.00	FAC. FILOLOXÍA - MATERIAL OFICINA	1.371,79 €
400A	122B	220.00	FAC. INFORMÁTICA - MATERIAL OFICINA	1.500,00 €
500A	122B	220.00	FAC. SOCIOLOXÍA - MATERIAL OFICINA	1.036,51 €
500A	300C	220.00	FAC. SOCIOLOXÍA - MATERIAL OFICINA	0,00 €
600A	300C	220.00	FAC. CC COMUNICACIÓN - MATERIAL OFICINA	0,00 €
610A	122B	220.00	FAC. CIENCIAS - MATERIAL OFICINA	1.185,32 €
620A	122B	220.00	FAC. CC. DEPORTE E EDUC. FÍSICA - MATERIAL OFICINA	1.636,68 €
630A	122B	220.00	ETSA - MATERIAL OFICINA	2.100,00 €
640A	122B	220.00	ETS NAÚTICA E MÁQUINAS - MATERIAL OFICINA	1.000,00 €
650A	122B	220.00	FAC. CC. SAÚDE - MATERIAL OFICINA	549,00 €
650A	422D	220.00	FAC. CC. SAÚDE - MATERIAL OFICINA	2.790,00 €
660A	122B	220.00	ETS CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS - MATERIAL OFICINA	1.393,55 €
670A	122B	220.00	EUAT - MATERIAL OFICINA	2.000,00 €
680A	122B	220.00	FAC. FISIOTERAPIA - MATERIAL OFICINA	828,28 €
680A	422D	220.00	FAC. FISIOTERAPIA - MATERIAL OFICINA	423,33 €
690A	122B	220.00	MATERIAL OFICINA	0,00 €
700A	122B	220.00	FEE. MATERIAL OFICINA	7.000,00 €
740A	122B	220.00	EPEF - MATERIAL OFICINA	1.200,00 €
10.18	121A	220.02	SIC. MATERIAL INFORMÁTICO NON INVENTARIABLE	65.000,00 €
05.02	122B	220.03	SERVIZO DE BIBLIOTECA. PRÉSTAMO INTERBIBLIOTECARIO	8.400,00 €

05.02	122B	220.05	SERVIZO DE BIBLIOTECA. RECURSOS DE INFORMACIÓN	745.500,00 €
200A	122B	220.05	FAC. DEREITO - SUBS. PUB. PERIÓDICAS (LIBROS ELECTR.)	300,00 €
630A	122B	220.05	ETSA - SUSCIRPCIÓN PUBLICACIÓNS PERIÓDICAS	10.170,00 €
02.01	121A	221.00	SAUE. SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL FUNXIBLE VIS	20.000,00 €
10.0A	121A	221.00	XERENCIA. ENERXÍA ELÉCTRICA	2.391.767,23 €
10.0A	121A	221.01	XERENCIA. AUGA	145.000,00 €
10.0A	121A	221.03	XERENCIA. COMBUSTIBLES, LUBRICANTES E ADITIVOS	1.204.701,02 €
10.0A	121A	221.04	XERENCIA. VESTIARIO	15.000,00 €
01.06	121A	221.09	SECRETARIA XERAL. SEGURIDADE DA INFORMACIÓN. LABORES DA FÁBRICA NACIONAL DE MONEDA E TIMBRE	5.000,00 €
05.04	541A	221.99	SAI. OUTRA SUBMINISTRACIÓN	317.500,00 €
750A	300C	221.99	FAC. ENFERMERÍA E PODOLOXÍA - OUTRAS SUMINISTRACIÓNS	23.300,00 €
10.18	121A	222.00	SIC. SERVIZOS DE TELECOMUNICACIÓNS	285.000,00 €
05.C1	541A	222.01	CITEEC. POSTAIS E MENSAXERÍA	200,00 €
05.C2	541A	222.01	CITENI. POSTAIS E MENSAXERÍA	90,00 €
05.C3	541A	222.01	CITIC. POSTAIS E MENSAXERÍA	270,00 €
05.C4	541A	222.01	CICA. POSTAIS E MENSAXERÍA	125,00 €
